

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/01/2022 9:07:16

SAIDA 1417/22

Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 178/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 29 de outubro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación de [REDACTED], presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 29 de outubro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación pola que se resolve a solicitude de acceso ao expediente [REDACTED] presentada [REDACTED].

A entidade reclamante en resumo alega que é titular da Concesión de Explotación [REDACTED] e desa condición de titular do dereito mineiro deriva así mesmo a súa condición de titular lexítimo dos dereitos de propiedade intelectual e industrial dun notable conxunto de informes, planos, mapas, estudos, incluídos os plans de labores, de explotación e de



restauración, contratos e outros datos referentes aos bens e dereitos, e outra documentación técnica e económica que conforman o know-how da empresa, necesario para a actividade regular de explotación incluíndo, a tramitación legal dos permisos mineiros, e é detentador dun interese tamén lexítimo en que se protexa o referido carácter reservado desa información, evitando innecesarios accesos e risco de filtracións a terceiros.

Considera que se utiliza por parte desta Asociación a vía da transparencia para obter información sensible con espuria intención de filtrala e entregala a terceiras entidades que veñen facendo un uso indebido, por manipulación intencionadamente terxiversada e infundada do seu contido, redundando en prexuízo e descrédito público do sector mineiro.

Considera que consonte a Instrución 6/2018, do 3 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre acceso á información pública en materia de minas, debe identificarse correctamente a información da que se solicita o acceso, polo que non se deben admitir nin atender solicitudes expostas en termos xenéricos e con pretensión de alcance omnímodo, como foi no presente caso, tal e como establece tamén o artigo 19 da Lei 19/2013.

Considera que a demanda masiva e moitas veces indeterminada de información que afecta a múltiples expedientes relativos a un mesmo dereito e mesmo simultaneamente a múltiples dereitos mineiros e implica un inxente volume de documentación a tratar, boa parte dela de carácter histórico e non dixitalizada, esixe a sistematización e clarificación do procedemento de acceso, polo que a previsión normativa evidencia a inexistencia dun dereito de acceso de carácter omnímodo, e un recoñecemento máis que implícito, expreso, de que polo menos parte da información que os promotores poñen ao dispor das autoridades para o oportuno desenvolvemento das súas respectivas competencias debe estar especialmente protexida.

Considera que a Resolución contén unha flagrante e sorprendente contradición entre a motivación que desenvolve na consideración legal e técnica número 5, e a decisión que, a modo salomónico, finalmente adopta, xa que se establece que por como están redactadas estas solicitudes enténdese que a asociación xa non solicita copia de documentos, senón que pretende que a administración realice unha labor de revisión de centos de expedientes que constan nos seus arquivos dende o outorgamento da concesión de explotación en 1958 e se lle entregue un informe elaborado *ex profeso* para a súa solicitude.

Considera de aplicación o disposto no artigo 18 da Lei 19/2013, en virtude da cal procede a inadmisión das solicitudes de información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.

Sobre o carácter reservado de información que consta nos expedientes administrativos e a necesidade de salvagardalo afirma que debe garantirse considerando o sentido sistemático que teñen os documentos para a protección do seu carácter confidencial ou reservado, e en particular, nos plans de labores e de restauración aos que explicitamente se refire o apartado 2º da parte dispositiva da Resolución. Considera que non ten sentido diseccionar un proxecto ou un informe, de forma que se manteñan protexidos aquelas palabras, liñas ou parágrafos que, por referirse a técnicas propias da empresa solicite manter afastadas do coñecemento de competidores, e separar outras que poidan satisfacer o interese dun terceiro. É dicir, este tipo de documentos e información teñen, pola súa propia natureza, unha sistemática de conxunto que debe ser protexida na súa integridade, sen que caiba levar a cabo unha especie de disección por datos, como puideren ser palabras, liñas ou parágrafos, senón que se debe garantir a reserva dos documentos, plans e informes no seu conxunto tendo carácter reservado o amplo conxunto de información de natureza técnica, comercial, financeira, etc., que os interesados teñen o deber xurídico de achegar ás Administracións competentes, sen que se teña que acoutarse a extractos concretos.

As organizacións valoran os seus segredos empresariais tanto como os dereitos de propiedade industrial e intelectual e utilizan a confidencialidade como unha ferramenta de xestión da competitividade empresarial, de transferencia de coñecemento público-privada e da innovación en investigación, co obxectivo de protexer información que abarca non só coñecementos técnicos ou científicos, senón tamén datos empresariais relativos a clientes e provedores, plans comerciais e estudos ou estratexias de mercado e a obtención, utilización ou revelación ilícitas dun segredo empresarial comprometen a capacidade do seu titular lexítimo para aproveitar as vantaxes e considera que a vontade do lexislador non ampara unha interpretación tan estrita como a que resultaría de diseccionar partes específicas dun documento, algo que polo demais, resultaría imposible de levar a cabo na práctica.

Insiste na existencia de asociacións e outros grupos de interese organizados que, afán difundir un discurso pesimista, tendencioso e catastrofista sobre proxectos como o que nos ocupa, e en xeral, sobre a actividade mineira, sen ter o máis mínimo reparo en facer un uso nesgado e parcial da documentación que obteñan, sempre que iso sirva para incrementar artificialmente o nivel de alarma da poboación e nos que parece subxacer que na intención destes grupos sexa que os minerais non se extraian na proximidade do seu ámbito de actuación, malia as exhaustivas garantías que se derivan de someterse á lexislación ambiental e mineira europea e nacional, e sen importar que para cumprir finalmente os obxectivos ambientais europeos

tales minerais se extraian en países con estándares máis baixos en controis ambientais, de seguridade e de respecto cara aos dereitos humanos.

O representante da entidade reclamante acreditou a representación que ostenta sobre a mesma, con data do 19 de novembro de 2021.

Segundo. Con data do 12 de novembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de novembro de 2021.

Terceiro. Con data do 10 de decembro de 2021, pola representación da [REDACTED] [REDACTED] presenta escrito que cualifica como recurso de alzada e no que en relación co recurso presentado por [REDACTED] contra a Resolución do procedemento de acceso á información [REDACTED] e tras reproducir os argumentos do dito recurso, presenta unha alegación única.

Na dita alegación, en resumo, manifesta que a organización, de acordo coa lexislación vixente de acceso á información á que ten dereito reitérase no seu desexo de ter acceso en formato dixital aos plans de labores e de restauración medioambiental, coa finalidade de analizar a información e determinar se se pode estar incumprindo algún aspecto legal na concesión mineira, sen ter "*espureas intencións*" nin intención de "*filtracións*" como manifesta a mercantil, senón a única intención de denunciar, se fora o caso, as situacións que non se realicen ou realizaran conforme a Lei, xa que a Asociación solo se limita a defender que os proxectos cumbran coa Lei.

Cuarto.- Con data do 7 de xaneiro de 2022 a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

No informe, en resumo indica que a Asociación interesada solicitou con data do 22 de abril de 2021, en base ao establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia ambiental, copia do informe que recolla os impactos ambientais producidos pola actividade mineira extractiva pola empresa [REDACTED] copia das autorizacións outorgadas para levar a

cabo a súa actividade nun antigo espazo mineiro non restaurado e copia do informe resultante da última inspección mineira.

Pola Xefatura Territorial da Consellería, requíruselle á Asociación a mellora da solicitude no senso de que se identifique de forma suficiente a documentación concreta solicitada. A Asociación, con data do 15 de maio de 2021, remite escrito no que non se limita a responder ao requirido senón que amplía ou reformula a súa solicitude requirindo acceso aos plans de labores da empresa e plans de restauración medioambiental presentados e autorizados dende 1988 a 2021, o plan de restauración medioambiental vixente da concesión [REDACTED] informes de inspección de seguimento e vixilancia da concesión e de seguimento do plan ou plans de restauración medioambiental da dita explotación, informe das sancións emitidas sobre á explotación con indicación das datas, motivos das sancións e resultado, informes de investigación solicitados sobre a concesión dende xaneiro de 2020 a maio de 2021 con indicación da data de solicitude, empresa solicitante e cuadrículas investigadas e indicación da empresa ou grupo de empresas que contan co dereito mineiro desta concesión dende o ano xaneiro de 1988 ata maio de 2021.

Pola Consellería déuselle traslado das solicitudes á empresa titular da explotación para que puidese realizar as alegacións que estimase oportunas, informándose deste trámite á Asociación solicitante.

Con data do 8 de xuño de 2021, a representación da mercantil, manifesta a súa oposición á solicitude expoñendo unha serie de alegacións que foron analizadas nas consideracións legais e técnicas da resolución ditada, e con data do 16 de agosto, a Asociación solicitante presenta escrito no que solicita que se lle conceda vista do expediente en formato dixital ou acceso a enlace electrónico para consulta dos documentos que obren e poidan seguir incorporándose ao expediente.

Indica a Consellería que a mercantil reclamante presenta un único escrito de reclamación e que a resolución impugnada do 28 de setembro de 2021, refírese tanto a información que ten carácter xeral como carácter ambiental, polo que entende que a parte da resolución sobre a que se ten que pronunciar esa Comisión da Transparencia é a que ten que ver co acceso concedido en atención á Lei 19/2013, e que é a que se refire no seu informe.

Entrando nas alegacións da mercantil, a primeira ten que ver coa xustificación do interese léxítimo que ten a mercantil para presentar a dita reclamación, sobre a que a Consellería non

ten nada que obxectar, ao ser interesada no expediente e estar por tanto lexitimada para presentar o recurso.

Alegan en segundo lugar, o incumprimento do deber de identificación e concreción da información, infracción do deber de ponderación; infracción *ultra petita* por outorgamento do acceso con maior alcance do pedido, que coincide en gran parte coas alegacións xa presentadas pola mercantil no traslado a terceiros da solicitude de acceso información. Na resolución agora impugnada, xa se indica que o escrito presentado pola asociación en resposta ao requirimento de concreción da solicitude, non se limita a responder ao requirido senón que amplía a información solicitada e que se considera que se debe primar a garantía dos dereitos dos cidadáns de acceso á información, polo que se opta por poñer a disposición da asociación para a súa consulta *in situ*, os expedientes correspondentes a plans de labores, plans de restauración, outorgamento e transmisións relativos a concesión da explotación [REDACTED]

Con respecto a que na tramitación non foi empregada de maneira axeitada a Instrución 6/2018, do 3 de agosto, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre acceso á información pública en materia de minas, non se aprecia que a tramitación se desviase do indicado na dita Instrución. E sobre a suposta falta de ponderación dos diferentes dereitos e intereses afectados, non se pode compartir esta afirmación posto que a información á que facilita o acceso, foi obxecto de análise para avaliar os intereses de terceiros en xogo e na resolución ditada xa se exclúen certo tipo de datos e información, como os documentos que conteñen datos de carácter persoal especialmente protexidos e datos aos que afecte o deber de segredo de acordo co artigo 8 do Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minería.

Sobre a suposta abusividade da petición de información que mencionan os alegantes na súa reclamación, esta cuestión xa foi alegada no trámite de traslado a terceiros e rebatida polo órgano tramitador na proposta efectuada, indicándose na resolución do 28 de setembro de 2021 que se ben cabería entender que polo volume de información solicitada e traballo de selección e recompilación necesario podería entenderse que sería necesaria unha labor de reelaboración, sinalouse que o órgano tramitador considera que debe primar garantir os dereitos dos cidadáns de acceso á información e opta por unha solución operativa de consulta *in situ* dos expedientes.

Finalmente, en relación coa mención á diferenza entre o criterio seguido nesta resolución, e a resolución do expediente [REDACTED] non se considera comparables as

circunstancias da resolución que agora se impugna con aquela, na que a inadmisión veu dada porque os solicitantes non atenderon aos requirimentos de concreción.

En relación co carácter reservado de información obrante nos expedientes administrativos e a necesidade da súa salvagarda, esa alegación céntrase na protección da información que figura nos planes de labores e nos plans de restauración, que son información de carácter ambiental.

Finalmente, o alegante tamén entende que deben aplicarse directamente as prescricións contidas da Lei 1/2019, de 20 de febreiro, de segredos empresarias, para vetar o acceso a toda a información de carácter técnico, comercial, financeiros, etc. que a mercantil tivo o deber de aportar ao expediente a Consellería considera, en base ao criterio interpretativo 1/2019 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que non cabe a exclusión directa de información que puidera estar incluída no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, senón que esta exclusión debe levarse a cabo logo da debida ponderación dos intereses en xogo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.



Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Na tramitación do presente expediente de reclamación, non se abriu trámite de audiencia á Asociación solicitante da información en base ao disposto nos artigos 82.4 e 118 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dado que os motivos de impugnación da resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais alegados pola entidade reclamante, son substancialmente idénticos aos que figuran no seu escrito de oposición presentado o 8 de xuño de 2021, no seno do expediente de acceso á información AIP-MI-SC-2021-34 (do que trae causa esta reclamación), no que se refire a información que non ten a consideración de ambiental, polo que non se tiveron en conta feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, e sen que aos efectos do citado artigo 118, se lle poida dar ao recurso, informes e propostas, o carácter de documento novo.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo

gobierno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

O artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao regular os termos e prazos, que se o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate. O prazo concluirá o mesmo día en que se produciu a notificación, se o último día de prazo é inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

No presente caso, consta que a entidade accedeu á notificación da resolución o 29 de setembro de 2021, polo que téndose presentada a reclamación o 29 de outubro, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

De acordo co informe e a copia do expediente remitido pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a entidade solicitou nun primeiro momento, o acceso ao informe que recolla os impactos ambientais producidos pola actividade mineira extractiva pola empresa ██████████, ás autorizacións outorgadas para levar a cabo a súa actividade nun antigo espazo mineiro non restaurado, ao informe resultante da última inspección mineira.

Como contestación ao requirimento de mellora da solicitud de acceso a información, no que se solicita que identifique de forma suficiente a documentación concreta solicitada, a Asociación reformula a súa solicitud requirindo á comunicación dos plans de labores da empresa cos que conta ou contou en cada ano o dereito mineiro dende xaneiro 1988, plans de restauración medioambiental presentados e autorizados por esa Xefatura ou pola Dirección Xeral competente dende o ano 1981, plan de restauración medioambiental vixente da concesión, informes de inspección de seguimento e vixilancia realizados á concesión ██████████ ██████████ pola Xefatura Territorial dende 1988 e de seguimento do plan ou plans de restauración medioambiental da explotación, informe das sancións emitidas sobre á explotación, e informes de investigación solicitados e empresa ou grupo de empresas que contan co dereito mineiro desta concesión.

Respecto da mellora da solicitud realizada pola Asociación solicitante, non pode considerarse que a ampliación da información e documentación solicitada poda constituír unha infracción *ultra petita* por canto, de conformidade co disposto no artigo 19.2 da Lei 19/2013, nos casos nos que a solicitud estea formulada de forma inconcreta ou xenérica, a Administración ten a obriga de requirir ao solicitante a súa concreción, que debe facerse nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos que se permite que nos procedementos iniciados a solicitud dos interesados como é o caso, a *mellora voluntaria* dos termos da solicitud. Por tanto no presente caso, a ampliación do contido da información solicitada, unicamente tería o efecto de que o inicio do cómputo do prazo para resolver sobre a solicitud da información ampliada se produza a partir do momento no que se mellora a solicitud, e sen que exista por tanto incongruencia entre o pedido e o outorgado, e por tanto se poida considerar que exista tal infracción.

A reclamante formula no seu escrito, reclamación ante a Comisión da Transparencia e recurso de alzada ante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación

contra a resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais do 28 de setembro de 2021. Nesa resolución, se concede acceso á Asociación solicitante respecto dos expedientes que constan nesta Xefatura Territorial correspondentes ao outorgamento e transmisións relativos a concesión da explotación en aplicación da Lei 19/2013, e aos plans de labores e plans de restauración da dita concesión en aplicación da Lei 27/2006, así como se denega o acceso aos procedementos sancionadores en tramitación.

Por tanto, e de acordo coas consideracións realizadas no informe da Consellería e o dobre carácter que a reclamante lle da ao seu escrito (reclamación ante a Comisión e recurso de alzada ante a Consellería), debemos considerar que parte da información solicitada é información ambiental (aos plans de labores e plans de restauración), que de acordo coa Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, deben tramitarse, ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, como xa se sinalou por esta Comisión en diversas ocasións.

A Lei 19/2013 ten un carácter supletorio respecto daquelas materias que teñan unha regulación específica de acceso á información, como sucede no caso da información ambiental, que se atopa regulada na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

O artigo 2.3 desta Lei considera información ambiental toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, auga, o chan etc..) os factores, tales como substancias, enerxía, ruído etc. que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente citados anteriormente, as medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas e acordos en materia de medio ambiente, os informes sobre a execución da lexislación ambiental, o estado da saúde e seguridade das persoas, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións.

Os plans labores e plans de restauración medioambiental, conteñen información sobre control hidroxeolóxico, drenaxes, balsas e presas de decantación e de residuos, destino de lodos, materias primas tratadas, produción de residuos e o seu destino, restauración e condicións ambientais impostas, informes de seguimento ambiental anual, entre outros, polo procede que as alegacións contra a concesión de acceso aos mesmos se substancien no recurso de



alzada presentado que se debe resolver polo órgano competente de acordo co que dispoña a Lei 27/2006.

Respecto do acceso aos expedientes referidos ao outorgamento e transmisións da concesión, debemos de considerar que se trata de información pública por canto se trata de información que forma parte dun expediente administrativo de concesión mineira, e por tanto elaborada e adquirida polo órgano competente da Administración na materia, e no exercicio das súas funcións e que debe rexerse polo disposto na Lei 19/2013 e Lei 1/2016 e por tanto é competencia desta Comisión a resolución da reclamación contra a súa concesión.

Entrando nos motivos de impugnación, considera a reclamante que a Asociación solicitante na súa mellora da solicitud, pretende que a administración realice unha labor de revisión de centos de expedientes que constan nos seus arquivos dende o outorgamento da concesión de explotación en 1958 e se lle entregue un informe elaborado ex profeso para a súa solicitud, polo que considera que procede a inadmisión da mesma de acordo co disposto no artigo 18.1 c) da Lei 19/2013 por ser necesaria unha acción previa de reelaboración.

Respecto do concepto de reelaboración, de acordo coas resolucións ditadas por esta Comisión en liña co criterio interpretativo 7/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, pode admitirse como causa de inadmisión cando a información que se solicita, pertencendo ao ámbito funcional de actuación do organismo ou entidade que recibe a solicitud, deba elaborarse expresamente para dar unha resposta, facendo uso de diversas fontes de información, ou cando o citado organismo ou entidade careza dos medios técnicos que sexan necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible proporcionar a información solicitada, debendo esta circunstancia quedar debidamente motivada na resolución pola que se responda á solicitud de información presentada. Sería por tanto a Consellería a que debería, no caso de considerar a súa concorrencia, xustificar a necesidade de facer unha labor de reelaboración e inadmitir a solicitud.

A reelaboración, debe distinguirse dos casos nos que o volume ou complexidade da información que se solicita fai necesario un proceso específico de traballo ou manipulación para conseguila, que xustificaría, como prevé o artigo 20.1 da Lei 19/2013, unha ampliación do prazo para resolver.

Nestes casos é necesario valorar factores tales como o volume de información que se está a solicitar, o esforzo que para o órgano vai a supoñer recompilar a información e a repercusión



sobre o cumprimento das súas funcións que vaia a supoñer e o interese público existente na difusión da información. O simple feito de que os datos requiridos non consten reflectidos nun documento concreto preexistente á solicitude, non debe baleirar de contido ao dereito de acceso á información.





No presente caso, tal e como se indica na resolución impugnada e no informe emitido pola Consellería, se ben cabería entender que polo volume de información solicitada e traballo de selección e recompilación necesario podería entenderse que sería necesaria unha labor de reelaboración, que ademais non podería ser asumida pola Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña, estando pois a solicitude en causa de inadmisión por abusividade da petición, o órgano tramitador considerou que debe primar garantir os dereitos dos cidadáns de acceso á información e opta pola solución operativa de poñer a disposición da asociación solicitante, para a súa consulta *in situ*, os expedientes, o que se considera por esta Comisión unha solución axeitada para o acceso á información.

Respecto dos motivos de oposición á resolución impugnada baseados na necesidade de protección, por parte da recorrente, dos dereitos de propiedade intelectual e industrial do conxunto de documentos técnicos e económicos e datos referentes aos bens e dereitos que conforman o know-how da empresa e necesaria para a súa actividade, dos innecesarios accesos e risco de filtracións a terceiros, isto é, a concorrencia do límite de acceso á información contido no artigo 14.1.J) da Lei 19/2013, non procede que por esta Comisión se entre a valorar esta alegación, por canto refírese aos plans de labores e plans de restauración, documentos que polo seu contido, como xa se sinalou son información ambiental, polo que debe analizarse na tramitación do recurso de alzada presentado que se debe resolver polo órgano competente de acordo co que dispoña a Lei 27/2006.

Con respecto da constatación por parte da reclamante de diversos casos de filtracións de información sensible da que se pode facer un uso indebido, debese ter en conta que a Lei 1/2016 establece no seu artigo 24.2 que o cidadá, no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública ten dereito de utilizar a información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou outras leis, polo que calquera utilización da información obtida, non terá máis limitacións que as derivadas con carácter xeral das leis, e se é ilexítima, o titular da mesma poderá utilizar os mecanismos de defensa previstos no ordenamento xurídico; pero en ningún caso pode utilizarse un eventual feito posterior, futuro e hipotético, como xustificación para impedir o exercicio dun dereito recoñecido legalmente a todas as persoas.

De acordo co anterior, por considerar que a resolución recorrida, na súa parte non referida a información ambiental, é conforme coa normativa en materia de acceso á información pública, procede a desestimación da reclamación presentada.

ACORDO

Único: Desestimar a reclamación presentada con data do 29 de outubro de 2021, por  en representación de  contra a Resolución da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación pola que se resolve a solicitude de acceso ao expediente  presentada pola 

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)
Fecha: 2022.01.27 09:02:40 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.